



Grupo Municipal

PROPOSTA

Mixto

ASUNTO: Plan especial de protección e conservación dos espazos litorais

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de maio de 17:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso litoral, cunha extensión de 2 km de praias, ten unha variada e vasta riqueza ecolóxica deficientemente protexida por figuras de protección ambiental. A singularidade e diversidade ambiental do noso litoral representa o maior activo e a maior riqueza social, económica e paisaxística de Cabanas. Do mesmo xeito, esa diversidade debe combinar a devandita riqueza natural cunha oferta de praia que complementa a realidade do desenvolvemento económico e social do noso Concello. A suposta necesidade de usos para o ocio está a xustificar en prol da seguridade actuacións desafortunadas e descontextualizadas da realidade natural descrita nomeadamente no piñeiral da Madalena.

O noso clima, unido á excelencia das nosas praias, favoreceu un turismo que dende hai décadas ten en Cabanas o seu destino preferente, impulsando unha parte do noso desenvolvemento social e económico. Ademais, o piñeiral da Madalena ofrece dende comezos do século XX un servizo público esencial, converténdose nun referente xenuíno do noso concello, que mesmo integrou os piñeiros no seu escudo. Asemade, a protección ambiental da nosa costa é fundamental para impulsar o emprego local.

Nos últimos anos, especialmente dende a actuación de Costas do Estado en 2009-2010, e posteriormente as afeccións de temporais e cortas municipais, reduciuse a espesura do piñeiral e aumentou exponencialmente a vulnerabilidade dos piñeiros máis vellos ás ventoeiras. O que debe ser óbice para que esta Corporación reflexione co fin de acordar medidas imprescindibles por motivos ambientais e de conservación desta masa arborada.

Así mesmo, é de inqueda social a xestión dos aproveitamentos de madeira durante estes anos, e en prol da transparencia débese iniciar unha investigación sobre este asunto que aclare cantas árbores foron extraídas, a onde se enviaron e como se adxudicaron.

En consecuencia, o Pleno **ACORDA** instar ao goberno local a:

- 1. Redactar un Plan Especial de Protección e Conservación do Piñeiral da Madalena tal e como establecen as Normas Subsidiarias municipais, previo á solicitude de declaración xunto coas zonas costeiras de Cabanas e Porto como espazo natural de interese local.**
- 2. Modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente no sentido de establecer maior protección ambiental da costa de Cabanas, en coherencia coa protección en vigor das Normas Subsidiarias.**
- 3. Revisar nunha xuntanza extraordinaria da Comisión de Facenda e Contas a documentación municipal relativa a aproveitamento do piñeiral da Madalena (memorias técnicas de actuación, expedientes de contratación, facturas, etc.), suxerindo que a sesión deste órgano se celebre nos vindeiros quince días.**

Cabanas, 15 de maio de 2017

Xosé Manuel Pérez Sardiña

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS